

A caída desde a corda frouxa

NARRATIVA *Funambulistas* foi escrito por unha máquina que “malreplica” os vicios da literatura galega máis canónica e comercial.


César Lorenzo Gil **Texto**

Funambulistas, de Mercedes Leobalde (A Coruña, 1967), é unha compilación de vinte e seis relatos. Algúns deles están relacionados directamente no seu argumento; noutros ese vínculo dáse pola coincidencia nos temas. De entre estes, os que aparecen máis destacados son a posición social da muller, a violencia (en especial a dirixida contra as mulleres) e a presenza do estraño na rutina da vida contemporánea.

Este libro gañou o Premio Ánxel Fole de Narrativa Curta 2014. É o primeiro volume de narrativa que publica a autora.

Funambulistas, por mantérmolos no campo semántico do título, é unha caída desde a corda frouxa. Unha caída leve, desas que como moito mancan na tona do xeonllo ou deixan un negronciño na cacha. Porque a corda frouxa na que toda literatura debe equilibrarse neste caso é de baixa altura. Non hai risco nin innovación, nin tan sequera unha proposta que vaia máis alá da improvisación, do relato pensado-escrito no momento ao eco da ocorrencia.

Hai que ser serios. Determinados textos, inmaturos en todos os sentidos, deberían quedar na gabeta se non hai valor de guindalos con ira e autoestima á papeleira. O máis destacable do libro é a correctísima redacción dos relatos. Unha lingua clara que conseguiría unha moi boa nota na proba de redacción do nivel 4 dos cursos CELGA. O ton de moitos relatos até desculpa o estilo baseado na frase feita, nunha presentación dos feitos entre teatral e



Funambulistas
Mercedes Leobalde
Xerais, 2015

Funambulistas é unha caída desde a corda frouxa. Unha caída leve, desas que como moito mancan na tona do xeonllo. Porque a corda frouxa na que toda literatura debe equilibrarse neste caso é de baixa altura. Non hai risco nin innovación, nin tan sequera unha proposta que vaia máis alá da improvisación, do relato pensado-escrito no momento ao eco da ocorrencia.

xurídica. Podería servir para captar a atención dispersa do lector. Pero non serve.

O peor é a ausencia de poética. Non hai voz nin pegada da autora, os ideoloxemas que sustentan os textos recordan ás cancións de Bebe (“Malo, malo, malo eres/No se daña a quien se quiere, no”). Na composición narrativa apenas hai traballo nin estrutura. Cando Leobalde opta por conducirnos cara a unha “sorpresa” final, en moitos casos o remate é previsible, noutros inxenuo. No resto dos casos, os relatos son inseguros, baleiros, non sobreviven nin media faísca logo de lidos.

Podemos supoñer que o libro pretende emprender un xogo de espellos con xéneros habituais na narrativa mediante ferramentas comúns; desde o relato de terror ao detectivesco pasando polo realismo feminista. Mais nin sequera consegue status de homenaxe nin de bosquejo. Todo é pueril, esquemático, feito a correr.

Publicar un libro coma este, ofrecérllelo aos lectores, é, desde o meu punto de vista, unha forma posmoderna e algo requintada de autoodio. Sen universo literario que as nutra, as personaxes vagan polas páxinas, sen vida, artificios copiados doutros artificios. Quizais a mensaxe do fondo do libro, o xogo que se establece entre quen redacta e quen le, baséase nun xogo borgiano deses tan apetecibles: que en realidade *Funambulistas* foi escrito por unha máquina que “malreplica” os vicios da literatura galega máis canónica-comercial.